



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Área de Seguridade Cidadá. Negociado de Seguridade e Tráfico

Bases e convocatoria do curso de adaptación da actividade física e deportiva ao salvamento e socorrismo en instalacións acuáticas e espazos naturais

ANUNCIO

O concelleiro delegado da área de Seguridade e Tráfico, Mercados, Consumo, Sanidade e Benestar Animal (Decreto de 8-7-2019. BOP 22-7-2019), por resolución de data 31 de marzo de 2021 aprobou as seguintes bases e convocatoria do curso de adaptación da actividade física e deportiva ao salvamento e socorrismo en instalacións acuáticas e espazos naturais.

BASES E CONVOCATORIA DO CURSO DE ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA AO SALVAMENTO E SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS E ESPAZOS NATURAIS

O Concello de Ferrol, por medio da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia (FESSGA), Centro Formador Acreditado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para a formación de certificados de profesionalidade, convoca un Curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas e espazos naturais para alumnos xa titulados no Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e Técnicos de Actividade Físico Deportivas.

Este curso ten unha duración de 65 horas formativas, 80 horas de prácticas a realizar nun centro de libre elección do alumno e 120 horas a validar coa realización da proba de acceso antes do inicio do curso.

REQUISITOS DE INSCRICIÓN

Estar en posesión do título de Graduado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ou do título de Técnico en Actividades Físico-Deportiva.

OBXECTIVOS DO CURSO

Velar pola seguridade dos usuarios de espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas, previndo situacións potencialmente de risco ou perigosas e intervindo de xeito eficaz ante un accidente ou unha situación de emerxencia.

PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO A SUPERAR

Coa superación da presente proba e a súa realización cualificada como apta acredítanse 120 horas de cada curso.

Descrición da proba:

- O aspirante, situado no poyete da piscina, se introduce na auga (de pé ou de cabeza a proposta do tribunal) mergullando ata o fondo da piscina (mínimo 1,8 metros de profundidade).
- A continuación recorre en apnea prolongada unha distancia de 10 a 15 metros.
- Ascende a superficie e completará os primeiros 25 metros nadando a estilo libre.
- Posteriormente recorrerá 25 metros estilo crol coa cabeza fora, mantendo a visión fora da auga (orientación e observación do entorno).
- Seguidamente realizará 50 metros a braza.
- Unha vez recorridos se colocará as aletas situadas nun extremo do borde do vaso manténdose en flotación dinámica.
- Unha vez colocadas as aletas realizará 50 metros nadando a costas seguidos de 50 metros a crol, dando por finalizada a proba.

Dita proba deberá ser completada nun máximo de 5 minutos 30 segundos. No caso de non ser superada non poderá realizarse o curso.

CONTENIDOS DO CURSO

1. CAFDO Instalacións acuáticas.

| MÓDULO FORMATIVO | |
|---|---|
| CAFDO-IA-1 | PROBA ESPECÍFICA |
| CAFDO-IA-2 | PREVENCIÓN DE SITUACIÓNS DE RISCO E VIXILANCIA EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS. |
| CAFDO-IA-3 | INTERVENCIÓN E RESCATE EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS |
| CAFDO-IA-4 | PRIMEIROS AUXILIOS E ACTUACIÓN INICIAL EN EMERXENCIAS NAS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS. |
| CAFDO-IA-5 | PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS. |
| TOTAL (120 H PROBA ACCESO + 65 H FORMACIÓN + 80 H PRÁCTICAS PROFESIONAIS) | |

2. CAFDO espazos acuáticos naturais.

| MÓDULO FORMATIVO | |
|---|--|
| CAFDO-IA-1 | PROBA ESPECÍFICA |
| CAFDO-IA-2 | PREVENCIÓN DE SITUACIÓNS DE RISCO E VIXILANCIA EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS |
| CAFDO-IA-3 | INTERVENCIÓN E RESCATE EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS |
| CAFDO-IA-4 | PRIMEIROS AUXILIOS E ACTUACIÓN INICIAL EN EMERXENCIA EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS |
| CAFDO-IA-5 | PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS |
| TOTAL (120 H PROBA ACCESO + 65 H FORMACIÓN + 80 H PRÁCTICAS PROFESIONAIS) | |

PREZO DO CURSO

O curso é gratuíto para todos aqueles seleccionados.

VALORACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

O curso consta dun máximo de 40 prazas.

Os requisitos do proceso selectivo son os seguintes:

- Estar en posesión da titulación esixida e superar a proba específica de acceso.
- Os aspirantes empadroados en Ferrol (que cumpran os requisitos) accederán ás prazas polo orde obtido na proba específica de piscina de menor tempo en adiante.
- Superado o trámite anterior, as prazas vacantes serán repartidas entre os aspirantes non empadroados en Ferrol (que cumpran os requisitos) pola orde obtida na proba específica de piscina de menor tempo en adiante.

PROCESO E PERÍODO PRESENTACIÓN INSTANCIAS

Os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación no rexistro electrónico do Concello (registro@ferrol.es) no prazo de 10 días naturais dende a publicación das presentes bases no BOP:

- Solicitud (anexo I).
- DNI.
- Documentación acreditativa de estar en posesión del título formativo requirido.

Na páxina web do Concello establecerase a relación de aspirantes admitidos á proba específica e, por conseguinte, ao proceso selectivo.

DATA DA PROBA ESPECÍFICA DE PISCINA

Unha vez supervisadas as instancias e publicada a relación de aspirantes, e tralo período de reclamacións, o Concello publicará na súa páxina web a data, horario e lugar de celebración da proba de piscina.

Os alumnos seleccionados serán informados, así mesmo, da data da proba por correo electrónico ou teléfono.

DATA E LUGAR DE REALIZACIÓN DO CURSO

A determinar polo Concello, será publicitado na web do Concello e informado a todos os seleccionados.

ANEXO I

SOLICITUDE CURSO ADAPTACIÓN EJERCICIO PROFESIONAL DE SOCORRISMO CONCELLO DE FERROL

| | |
|---|------|
| NOME E APELIDOS: | |
| DATA NACEMENTO: | DNI: |
| DIRECCIÓN: | |
| E_MAIL: | |
| EMPADROADO EN FERROL: SI <input type="checkbox"/> NO <input type="checkbox"/> | |
| TITULACIÓN DE ACCESO AO CURSO: | |
| GRAO OU EQUIVALENTE EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E O DEPORTE <input type="checkbox"/> | |
| TÉCNICO EN ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS <input type="checkbox"/> | |

Documentación aportada:

1. DNI.
2. Titulación académica.

Autorizo ao Concello de Ferrol para comprobar a veracidade dos datos aportados no presente documento.

Asinado en Ferrol a _____ de _____ de 2021.

Sinatura

(Enviar por correo electrónico a registro@ferrol.es)

Ferrol, 6 de abril de 2021

O concelleiro delegado da área de Seguridade e Tráfico, Mercados, Consumo, Sanidade e Benestar Animal (Decreto de 8-7-2019. BOP 22-7-2019).

Asdo.: Germán Costoya Casas

2021/2719